

Bos días nenos e nenas de 1º!!


Como estades? Estamos aquí outra vez para propoñervos unha nova actividade. Como xa vedes, este terceiro trimestre está sendo especial e é por iso polo que algunhas cousas teñen que cambiar un pouquiño. Non podemos adiantar contido, só reforzar ou ampliar o aprendido. É por iso polo que imos aproveitar o que sería o próximo tema de Sociais para seguir afianzando o proceso lectoescritor (non hai que aprender/memorizar nada!). Así que... durante esta semana propoñémosvos a seguinte lectura sobre a AUGA, O AIRE E O TEMPO!!!!



# A auga na natureza

Os seres vivos necesitamos auga para vivir (beber, cociñar, asearnos, regar...)

A auga non ten cor, nin olor nin sabor. A auga é incolora, inodora e insípida.



# A auga na natureza

Na natureza podemos atopar auga en ríos (auga doce), mares (salgada), lagoas, nubes...



# Os estados da auga

A auga pode estar en 3 estados: líquido, sólido e gasoso (vapor de auga).



## ESTADOS da AUGA

Líquido

Sólido

Gasoso  
(vapor de auga)



Cando arrefriamos a auga líquida, convértese en auga sólida, coma o xeo.  
Cando calentamos moito a auga, convértese en vapor.

# Uso responsable

A auga é imprescindible para os seres vivos e é un recurso natural **ESGOTABLE!!** Por iso temos que facer un consumo responsable; ahorrando, non malgastando e non contaminando este ben tan preciado.

SI

NON

SI

NON



# O aire e o vento

Os seres vivos tamén necesitan aire para vivir.

O aire está en todas partes, aínda que non o vemos nin ulimos.

▶ Se ademais de ler apetéceche experimentar....MANS Á OBRA 😊

Experimenta e contesta. Cres que o aire ocupa espazo?

1. Colle unha botella de plástico baleira co tapón posto.
2. Intenta engurrala. Podes?
3. Agora quítalle o tapón e apértaa. Que acontece?
4. Cal é a explicación? Pensa.

O aire non ten forma pero enche o recipiente que o contén.




# O aire e o vento

Cando o aire se move, chámase VENTO.

- ▶ Cando o vento é moi suave chámase brisa.



- ▶ Cando o vento é forte, chámase vendaval.



O aire contaminado pode afectar a nosa saúde. O fume das fábricas e dos coches contamina o aire.

Contaminado

Limpo





# O tempo atmosférico

O tempo cambia se o aire está quente ou frío, se vai sol ou está anublado, e se vai vento.

A auga das nubes cae en forma de chuvia, de sarabia ou de neve.



Usamos símbolos para representar o tempo que vai.





Tormenta

Chuvia



Nubes e sol

Anubrado




Sol

Neve



Sarabia

Vento



# PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN:

## 1. Contesta ou completa:

▶ A auga é \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ .

▶ Onde podemos atopar a auga na natureza? \_\_\_\_\_

---

▶ A auga pode estar en 3 estados: \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ .

▶ Escribe 2 formas para aforrar auga: \_\_\_\_\_

---

▶ Como se lle chama ao aire cando se move? \_\_\_\_\_ .

▶ O aire das fábricas e dos coches está \_\_\_\_\_ e o aire dos campos, bosques é aire \_\_\_\_\_ .

▶ A auga das nubes cae en forma de \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ .

# PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE COMPREENSIÓN:

2. Completa esta táboa poñendo os símbolos segundo o tempo que faga cada día :

**ABRIL 2020**

LUNS 27	MARTES 28	MÉRCORES 29	XOVES 30	VENRES 1 MAIO



# PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE COMPREENSIÓN:


3. Intenta identificar os símbolos destes mapas do tempo e contesta:

- Mira que símbolos hai en cada un dos mapas. Que tempo vai en xeral en Galicia?
- Coñeces todos os símbolos? Se a resposta é non, cal non coñeces?
- Que tempo vai en Carral en cada mapa?

(Se queres ver máis mapas  
podes ir á web de Meteogalicia

<https://www.meteogalicia.gal/web/inicio.action> )

MAPA 1



MAPA 2

